

Confraría: Confraría de Raxó

Asunto: Ratificación Plan Electoral 2022

O día 05/09/2022 o Diario Oficial de Galicia publicou a Resolución do 14/07/2022 pola que se convocan eleccións para a renovación dos órganos reitores das confrarías de pescadores de Galicia, incluídas as súas agrupacións sectoriais e das súas federacións.

Consonte ao artigo 96 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, a comisión electoral aprobará o plan electoral no prazo de cinco días desde a data da súa constitución, que serán remitidos á consellería competente en materia de pesca para súa ratificación.

O contido mínimo dos Plans Electorais, ven determinado no devandito artigo 96 do Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro e no artigo 13 da Orde do 29 de abril de 2014 polo que se regulan as eleccións para a renovación dos órganos reitores de confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións.

Recibido neste Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais o Plan Electoral desa Confraría para as eleccións que se van celebrar o vindeiro 29/10/2022 e á vista dos preceptos legais sinalados, procede a **RATIFICACIÓN** do Plan Electoral.

Achegase o Plan Electoral ratificado por este Servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais a través da plataforma ELECON.

O Secretario da comisión electoral garantirá a exposición do Plan Electoral ratificado no taboleiro de anuncios da confraría durante o desenvolvemento de todo o proceso electoral.

Santiago de Compostela,

A xefa do servizo de Apoio e Relacións coas Organizacións Sectoriais

María Otero Reboiras

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



ELECCIÓN AOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE RAXÓ

Acta nº 03/2022

ACTA DA COMISIÓN ELECTORAL DE APROBACIÓN DO PLAN ELECTORAL

En Raxó, Poio ás 12:00 horas do día 14 de setembro do 2022, reúnen-se na sede da confraría, os membros da comisión electoral que a seguir se relacionan, para tratar a seguinte orde do día:

- Elaboración e aprobación do plan electoral.
- Rogos e preguntas. (de ser o caso)

PRESIDENTE:	JOSE VICENTE BOULLOSA MUÑIZ
SECRETARIO:	MARCO ANTONIO RUIBAL BERMUDEZ
VOGAL:	MARIA ELENA GONZALEZ QUINTEIRO
VOGAL:	MARCOS MANUEL PADIN TORRES
VOGAL:	ELVIRA PADIN GOMEZ

Ao concorrer polo menos a metade máis un dos membros, tendo que ser dous deles o Presidente e o Secretario, queda constituída esta comisión electoral e dá comezo a sesión.

Segundo o censo da confraría, que ascende a **111 (cento once)** afiliados, correspóndenlle **14 (catorce)** membros na **xunta xeral**, e **8 (oito)** no **cabido**.

Para a configuración da **XUNTA XERAL**, destes membros corresponden ao **COLECTIVO DE TRABALLADORES 7 (sete)** ao **COLECTIVO DE EMPRESARIOS 7 (sete)**.

PLAN ELECTORAL CONFRARÍA DE PESCADORES DE RAXÓ.

1. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL DA CONFRARÍA.

O censo de membros da confraría de Pescadores de Raxó, está composto por un total de 111 (cento once) persoas membro. Consonte ao artigo 23.3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia (en diante Decreto 8/2014), con este número de membros corresponde constituír una xunta xeral con **14 vogalías**, que se repartirán de xeito paritario en **7 vogalías** para o colectivo de empresarios/as e **7 vogalías** para o colectivo de traballadores/as.

RATIFICADO



2. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE EMPRESARIOS/AS.

O censo de empresarios/as da Confraría de Pescadores de Raxó, está composto por un total de **49 (coarenta e nove)**, persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogalías XUNTA XERAL
MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN	19	3
PESCA BAIXURA, ARTES MENORES	27	4
OUTROS (ACUICULTURA)	3	0

3. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DA XUNTA XERAL POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE TRABALLADORES/AS.

O censo de traballadores/as da Confraría de Pescadores de Raxó, está composto por un total de **62 (sesenta e duas)** persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogalías XUNTA XERAL
MARISQUEO A PE	50	6
MARISQUEO DENDE EMBARCACION	4	0
PESCA BAIXURA, ARTES MENORES	8	1

4. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DO CABIDO POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE EMPRESARIOS/AS.

O censo de empresarios/as da Confraría de Pescadores de Raxó, está composto por un total de **49 (coarenta e nove)** persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogalías CABIDO
MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN	19	2
PESCA BAIXURA, ARTES MENORES	27	2
OUTROS (ACUICULTURA)	3	0

RATIFICADO



5. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS DO CABIDO POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO COLECTIVO DE TRABALLADORES/AS.

O censo de traballadores/as da Confraría de Pescadores de Raxó, está composto por un total de **62 (sesenta e duas)** persoas membro que se reparten nos seguintes sectores de produción:

Denominación	Nº de membros	Reparto vogalías CABIDO
MARISQUEO A PE	50	4
MARISQUEO DENDE EMBARCACION	4	0
PESCA BAIXURA, ARTES MENORES	8	0

6. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NA AGRUPACIÓN SECTORIAL DE MARISQUEO A PE DA CONFRARÍA DE RAXÓ.

O censo da agrupación sectorial do marisqueo a pé está composto por un total de **50** persoas membro polo que lle corresponden 1 presidente/a e 5 vogais co seguinte reparto: **6** vogais natos.

7. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NO SECTOR DA PRODUCCIÓN DE MARISQUEO A FLOTE CONFRARÍA DE RAXÓ.

8. DISTRIBUCIÓN DE VOGAIS NO SECTOR DA PRODUCCION DE PESCA DE BAIXURA (ARTES MENORES)

9. SISTEMA ELECTORAL.

Segundo o recollido no punto 2 deste plan electoral, dentro do colectivo de empresarios/as cada elector poderá dar o seu voto ao número máximo de vogais que corresponde ao sector de produción no que ten dereito a exercer o voto, consonte ao seguinte criterio:

Denominación	Nº máximo de vogais a marcar (X)
MARISQUEO DENDE EMBARCACION	3
PESCA BAIXURA, ARTES MENORES	4

De acordo con art. 13.3 c) da Orde 29 de abril de 2014 para os sectores de produción que non alcancen un/unha representante na Xunta Xeral, o plan electoral recollerá a proposta da comisión electoral para incorporalos no censo doutro sector da produción do mesmo colectivo que si dispoña de prazas na xunta xeral. Estes membros serán electores e elixibles polo sector de produción ao cal se engadisen **polo tanto os tres asociados con recursos específicos pasan a incorporarse no sector de pesca de baixura (artes menores).**

RATIFICADO

3.



Segundo o recollido no punto 3 deste plan electoral, dentro do colectivo de traballadores/as cada elector poderá dar o seu voto ao número máximo de vogais que corresponde ao sector de produción ou agrupamento no que ten dereito a exercer o voto, consonte ao seguinte criterio:

Denominación	Nº máximo de vogais a marcar (X)
MARISQUEO A PE	6
PESCA BAIXURA, ARTES MENORES	1

De acordo con art. 13.3 c)) da Orde 29 de abril de 2014 para os sectores de produción que non alcancen un/unha representante na Xunta Xeral, o plan electoral recollerá a proposta da comisión electoral para incorporalos no censo doutro sector da produción do mesmo colectivo que si dispoña de prazas na xunta xeral. Estes membros serán electores e elixibles polo sector de produción ao cal se engadisen **polo tanto os catro asociados con marisqueo a flote pasan a incorporarse no sector de pesca de baixura (artes menores).**

10. LUGAR ONDE ESTARÁ SITUADO O COLEXIO ELECTORAL.

O lugar onde estará situado o colexio electoral será na sede social da Confraría de Pescadores San Gregorio de Raxó, con domicilio C/Iglesia, 18 en Raxó (36.992), concello de Poio, provincia de Pontevedra.

11. HORARIO E TEMPO EN QUE PERMANECERÁ ABERTO O COLEXIO ELECTORAL.

As votacións comezarán as 10:00 horas ata as 14:00 horas do día 29 de outubro de 2.022, o colexio electora permanecerá aberto catro horas continuadas.


ROGOS E PREGUNTAS. (De ser o caso)

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13:15 horas rematouse a sesión, redactándose a seguinte acta que, en proba de conformidade, asinan todos os asistentes.

O PRESIDENTE



O SECRETARIO



OS/AS VOGAIS



Elvira Radino 4.

